



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL, MAR E MOCIDADE

Anuncio

MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PRESERVACIÓN DAS RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS (BOVINAS, OVINAS E CAPRINAS) EN RISCO DE EROSIÓN XENÉTICA, NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, PROGRAMA “MORENAS”, ANUALIDADE 2026

En relación coa Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións de referencia, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa modificación da Convocatoria e Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovina, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa “Morenas”, anualidade 2026, dende á Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

“ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 24 de abril de 2026 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou aprobar a Convocatoria e as Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, Programa “Morenas”, anualidade 2026.

A dita Convocatoria foi publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo, o 20 de maio de 2026.

Segundo.- Con motivo da dita publicación, detectáronse algúns erros materiais, así como a necesidade de aclarar algún aspecto relacionado cos animais elixibles.

En concreto: (i) detectouse a necesidade de aclarar, na Base 4, se os animais elixibles teñen que estar na explotación nunha data en concreto ou se, pola contra, abonda con que cumpran os requisitos establecidos na dita Base; (ii) detectouse un erro material na Base 16, que inclúe, como causa de reintegro, unha que non corresponde a este Programa; (iii) e detectouse un erro material no anexo III, que indica que a persoa que certifica o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 4 é o secretario da entidade correspondente, segundo a especie da que se trate.

Terceiro.- A aclaración e rectificación dos citados aspectos require da modificación das Bases reguladoras das subvencións, así como da convocatoria, pois aquela fai necesario o establecemento dun novo prazo de presentación de solicitudes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa aplicable

O réxime xurídico das modificacións ás que se fai referencia nos “Antecedentes de feito” deste informe está establecido, fundamentalmente, nas seguintes normas:

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

II. A modificación da convocatoria por emenda de erros materiais

A teor do disposto no artigo 109.2 da LPACAP, as Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Cómpre suliñar, porén, que este remedio soamente pode utilizarse, segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, para corrixir equivocacións elementais en nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos. Pero en absoluto cabe facer uso deste para corrixir calquera erro de dereito, isto é, na cualificación xurídica, no precepto aplicable ou en calquera outra apreciación xurídica, seguida dunha declaración baseada nela, por insignificante que sexa.

Así, o Tribunal Supremo definiu a rectificación ou emenda de erros á que se fai referencia no artigo 109.2 da LPACAP coma un “procedemento excepcional de modificación dos actos administrativos, que, pola súa natureza excepcional, ten que ser utilizado para os casos expresamente previstos” (STS do 26 de febreiro de 1996 -RJ 1996/1796-).

A xurisprudencia constante e, entre outras, as sentenzas do Tribunal Supremo do 15 de febreiro de 2006 (RJ 2006/1754), do 18 de xuño de 2001 (RJ 2001/9512) e do 11 de decembro de 1993 (RJ 1993/10065), ven esixindo unha serie de requisitos necesarios para a rectificación de erros materiais, que son os seguintes:

1. Que se trate de simples equivocacións elementais en nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos.
2. Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables.
3. Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos.
4. Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe un erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica).
5. Que non padeza a subsistencia do acto administrativo, é dicir, que non xere a anulación ou revogación deste, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ten que mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade de rectificación de oficio, encubrir unha auténtica revisión.
6. Que se aplique cun fondo criterio restritivo.

No caso que nos ocupa, preténdese a modificación da devandita convocatoria para a emenda dos seguintes erros materiais:

Por unha banda, na Base 16, detectouse que inclúe un parágrafo que recolle como causa de reintegro o “incumprimento do compromiso de manter na explotación os animais elixibles, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027, salvo causa de forza maior debidamente xustificada”. Esta causa de reintegro pertence a outro Programa xestionado dende esta Sección de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, polo que é evidente que é necesaria a súa eliminación.

Por outra banda, no Anexo III, indicase que é o “secretario/a de ACRUGA” a persoa que subscribe a certificación de cumprimento, por parte dos animais elixibles, dos requisitos establecidos na Base 4. Ao igual que no caso anterior, este dato correspóndese co doutro Programa xestionado dende esta Sección, polo que se fai necesaria a emenda do erro, indicando que a persoa que subscribe o documento é o/a director/a veterinario/a da entidade xestora do correspondente Libro Xenealóxico, segundo a especie de animal ou de animais para os que se solicita a subvención.

Do apuntado no parágrafo anterior despréndese que tamén se fai necesaria a modificación da letra f) da Base 7, para substituír ao/s secretario/s da/s entidade/s xestora/s do/s correspondente/s Libro/s xenealóxico/s polo/a director/a veterinario/a da/s dita/s entidade/s.

En definitiva, ao meu xuízo, tendo en conta o exposto, a emenda dos erros materiais que aquí se informa ten pleno encaixe co disposto no artigo 109.2 da LPACAP e na citada xurisprudencia do Tribunal Supremo.

III. A modificación da convocatoria por aclaración de aspectos das Bases reguladoras das subvencións

A diferenza do que acontece coas modificacións analizadas no apartado anterior, se nos cinguimos estritamente ao concepto de aclaración (interpretar, explicar ou precisar o senso dunha redacción confusa na convocatoria, sen alterar o texto nin corrixir un erro material), non existe unha figura de “modificación por aclaración” nas leis administrativas, aínda que a Administración ten a obriga implícita de resolver as dúbidas que poidan xurdir na interpretación dos seus actos.

Con todo, o artigo 53.1.f) da LPACAP establece o dereito do cidadán a “obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.” Polo que a base xurídica que sostén como debe actuar a Administración ante unha dúbida interpretativa da convocatoria que nos ocupa non é outra que o exercicio do seu deber de atención ao cidadán.

Pois ben, a aclaración que compre facer, en relación cos requisitos establecidos na Base 4 das reguladoras das subvencións, para considerar elixibles aos animais para os que se solicita a axuda, é a relativa a se os ditos animais teñen que estar, na data de expedición da certificación contida no anexo III, na explotación.

Neste senso, cómpre ter en conta que o obxectivo último do Programa ao que corresponde a convocatoria é primar os nacementos, con independencia do destino que, con posterioridade, se dea ás crías; tal e como se deduce da Exposición de Motivos da Convocatoria.

Por outra banda, se se quixera cinguir os animais elixibles aos que estiveran na respectiva explotación nunha data concreta, esta debería concretarse nas Bases. Do mesmo xeito, de perseguir o mesmo obxectivo de mantemento na explotación dos animais ata unha data concreta, debería esixirse, xunto coa solicitude, copia do censo da explotación, emitida en aquela data.

Nas Bases reguladoras das subvencións non se concretou a dita data nin se esixiu que o censo de explotación tivera que estar emitido nunha data concreta.

Finalmente, a Base 13, reguladora do réxime de xustificación das subvencións, establece que “A situación subvencionable será ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, femias das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).

Do mesmo xeito, tamén será subvencionable ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, machos e/ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e Cabra Galega, inscritas no correspondente Libro Xenealóxico da raza correspondente.”

Por todo elo, cómpre dar nova redacción a Base 4, aclarando que son elixibles os animais que, nacendo na propia explotación no ano 2025, cumpran os demais requisitos establecidos na dita Base. É dicir, esta quedaría redactada como segue:

“Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, nas que se cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Que contén ou contaran con femias de calquera das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, nadas na propia explotación no ano 2025, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).
- Que contén ou contaran con machos ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e/ou Cabra Galega, nados na propia explotación no ano 2025, inscritos no correspondente Libro Xenealóxico...”

IV. A modificación da convocatoria por concesión dun novo prazo de presentación de solicitudes

As modificacións citadas nos apartados anteriores, requiren da concesión dun novo prazo para solicitar as subvencións, pois as causas de unhas e outras son imputables á Administración, non ás interesadas; o que obriga a permitir que novas interesadas presenten as súas solicitudes ou que quen xa o fixera poida modificar a documentación presentada.

As principais dúbidas que suscita a concesión do novo prazo, tendo en conta que estamos ante un procedemento abreviado de concorrencia, no que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, é a de se as presentadas inicialmente (antes da publicación da modificación e da concesión do novo prazo) deben terse en conta obrigatoriamente e, por outra banda, cal é a data de presentación a ter en conta, a inicial ou a posterior, para adaptala á modificación da convocatoria publicada.

En relación coa primeira cuestión, ao meu xuízo, as solicitudes presentadas no primeiro prazo están perfectamente rexistradas e, polo tanto, non perden a súa validez nin a súa orde. É dicir, a Administración non pode ignorar nin descartar estas solicitudes para beneficiar ás novas que entren na modificación.

Neste senso, o artigo 9.1 da CE consagra o principio de seguridade xurídica, polo que as solicitudes validamente presentadas no primeiro prazo xeran un dereito do procedemento que a Administración non pode anular.

O artigo 22.1 da LXS, pola súa banda, establece o principio de concorrencia competitiva, o cal esixe que a concesión se realice mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas. Isto obriga, no caso que nos ocupa, a avaliar todas as solicitudes, ata esgotar o orzamento dispoñible, impedindo ignorar as solicitudes iniciais.

En relación coa data de presentación da solicitude que debe terse en conta para a concesión das subvencións, o antes citado principio de seguridade xurídica impón a obriga de considerar como data de presentación a da solicitude inicial, pois a solicitude posterior, presentada como consecuencia da modificación da convocatoria non é unha incidencia imputable ás interesadas, senón á propia Administración, responsable dos erros materiais cometidos; non podendo trasladar á interesadas o prexuízo derivado da necesidade de realizar unha modificación das súas solicitudes, pois esta deriva, como se dixo, da actuación de aquela e non da falta de dilixencia ou do erro cometido por estas.

Neste senso, o Tribunal Supremo ratificou reiteradamente (vaian por todas as SSTS do 5/11/2019 -RC 6806/2018-, do 19/07/2018 - RC 3662/2017- e do 16/12/2018 -RC 2986/2016-) que a chegada posterior de

documentos ou melloras a unha solicitude (dentro dun novo prazo concedido) non invalida nin retrasa a data de presentación da solicitude inicial en prexuízo do cidadán.

É por elo que resulta necesaria a modificación das Bases 2, 8 e 9, que, en relación coa data de presentación das solicitudes establecen “considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo”, para engadir a locución “agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa.”

V. Conclusións

En concordancia co anterior, dáse unha nova redacción ás Bases 2, 4, 7, 8, 9 e 16, que quedan redactadas co seguinte teor:

Base 2.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo, agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa.

Base 4.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, nas que se cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Que conten ou contaran con femias de calquera das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, nadas na propia explotación no ano 2025, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).
- Que conten ou contaran con machos ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e/ou Cabra Galega, nados na propia explotación no ano 2025, inscritos no correspondente Libro Xenealóxico.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Base 7.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor "Medio Rural"; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante, no que se faga constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

a. Solicitude (Anexo I), que contén:

- Os datos da persoa, física ou xurídica, solicitante.
- Relación de documentos que acompañan á solicitude.
- Relación de animais para os que se solicita a axuda.
- Compromiso de respectar as normas relativas ás axudas de mínimos, especialmente a obriga de que as subvencións deste carácter recibidas durante o ano en curso e os dous anteriores non superen os 25.000 €.
- Información básica sobre a protección dos datos do solicitante.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

- b. No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).
- c. Copia do DNI da persoa solicitante, agás no suposto de que a solicitude sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.
- d. Copia do NIF da entidade solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.
- e. Copia do censo da explotación, emitido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en calquera data do ano en curso, acreditativa de que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA.
- f. Acreditación, mediante certificación/s expedida/s polo/s director/es veterinario/s da/s entidade/s xestora/s do/s correspondente/s Libro/s Xenealóxico/s, de que o animal ou animais para o/s que se solicita a axuda cumpre/n os requisitos establecidos na Base 4 (Anexo III).
- g. Declaración conxunta (Anexo IV), que contén:
 - Declaración de estar en situación de obter a condición de beneficiaria.
 - Declaración relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a situación subvencionada.
 - Declaración relativa á obtención de outras axudas de mínimos.
 - Declaración relativa ao cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
 - Declaración de non ser a persoa, física ou xurídica, debedora por resolución de procedencia de reintegro.
 - Declaración relativa á adopción das medidas de difusión destinadas a dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

h. No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

i. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da subvención.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán ter unha conta bancaria mancomunada, na que consten, como mínimo, tres partícipes da agrupación.

Base 8.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrència competitiva, de acordo co establecido no artigo 22 da LSG, que establece que as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no seu artigo 19.2 poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrència dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá, en ningún caso, o órgano avaliador ao que se refire o artigo 21 da dita Lei.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida na Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o seu expediente estea completo, agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa.

Base 9.- Instrución do procedemento

Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruiranse e tramitaranse os respectivos expedientes, revisaranse as solicitudes presentadas, e verificarase que estas conteñen a documentación esixida, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previa resolución que lle será notificada.

Sendo que a prelación das solicitudes validamente presentadas e que cumpran os requisitos establecidos nestas Bases farase unicamente en función da data de presentación dentro de prazo (considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo, agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa), poderán obter as subvencións unicamente as solicitudes que se atopen dentro dos límites de crédito dispoñible nesta convocatoria, ao abeiro do disposto no artigo 21.5.a) da OXS.

Proposta de concesión provisional

Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, á vista do expediente e previa fiscalización, efectuarase proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará a relación das solicitantes para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP, por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Proposta de concesión definitiva

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, previa fiscalización, formularase a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Base 16.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que a debedora o ingrese, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- *Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran.*
- *Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.*
- *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.*
- *Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.*
- *Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- *Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Incumprimento das obrigas imposta pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- *A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.*
- *Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora da dita Xurisdición.

Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.

Por outra banda, modifícase o anexo III, substituíndo á persoa que o subscribe, que pasa de ser o/a secretario/a a o/a director/a veterinario/a.

VI. Órgano competente para a aprobación da modificación das Bases canalizadoras das subvencións

Consonante á Base 18 das reguladoras das subvencións, “Estas Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes”.

No expediente consta informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre a modificación do texto das Bases que rexerán a citada convocatoria e do modelo de anexo III.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización informou favorablemente o expediente o de de 2026.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobación da modificación do texto das Bases canalizadoras das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovina, ovina e caprina) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, nos termos establecidos no fundamento de dereito V do informe incorporado a esta proposta.

2º.- Ordenar a publicación da dita modificación na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo.

3º.- Aprobar a concesión, ás interesadas, dun novo prazo de presentación de solicitudes de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

O que se notifica en cumprimento do establecido no artigo 40, en relación co artigo 45, ambos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que, contra a mesma, cabe recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, a interpoñer no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao desta publicación, ou ben recurso Contencioso – Administrativo ante o Xulgado desta Orde Xurisdicional de Lugo, a interpoñer no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que consideren procedente.

Lugo, 29 de maio de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto do 14/01/2026, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1410

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2026, o expediente de modificación de créditos núm. 6/2026, (2º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Setenta e cinco mil dezaseis con trinta e catro (75.016,34) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 27 de maio de 2026.- O alcalde – presidente, José Ulla Rocha.

R. 1373

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2026, o expediente de modificación das bases de execución do orzamento para o actual exercicio de 2026, no relativo á concesión de subvencións nominativas, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 27 de maio de 2026.- O alcalde – presidente, José Ulla Rocha.

R. 1374

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2026-0457 de data 26/05/2026 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso que se levará a cabo para a selección de tres (3) socorristas ao abeiro do Programa “Reforzo do Emprego” integrado no Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2026:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRES (3) SOCORRISTAS MEDIANTE A MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP) AO ABEIRO DO PROGRAMA "REFORZO DO EMPREGO", INTEGRADO NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a selección de tres (3) socorristas en execución do programa de carácter temporal de reforzo do emprego 2026 aprobado por Decreto de Alcaldía nº 2026-0332 de data 23/04/2026, ao abeiro do Programa "Reforzo do Emprego" incluído no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026.

Características dos postos:

- Grupo/Subgrupo profesional: C/C2
- Réxime Xurídico: Funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal "Reforzo do Emprego 2026" aprobado por Decreto de Alcaldía nº 2026-0332 de 23/04/2026 (artigo 10.1.c/do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- Duración do nomeamento: 3 meses e co límite temporal do 31 de outubro de 2027 .
- Xornada: completa (100%)
- Horario: Segundo necesidades do servizo. Non será de aplicación a xornada especial de verán establecida no acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Burela.
- Retribucións mensuais brutas: salario grupo C2; complemento de destino nivel 16; complemento específico: 151,95 €; parte proporcional de paga extra.

O sistema de selección será o de concurso-oposición. No caso que nos ocupa, correspondendo o cometido funcional dos postos convocados a postos cuxas actividades son propias de oficios, enténdese motivada a aplicación do sistema de concurso-oposición tendo en conta a necesidade de valorar a experiencia previa en tarefas de salvamento e socorrismo e a formación complementaria relacionada coas funcións a desenvolver.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://burela.sedelectronica.es>); igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente.

O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Ao proceso selectivo convocado seralle de aplicación, ademais das presentes bases, a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia (LEPG),
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento da selección de funcionario/as de Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e da Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionario/as Civís da Administración xeral do Estado.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais
- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia .
- E demais normativa de aplicación.

Así mesmo estarase ao establecido nas bases reguladoras do Plan provincial Deputación de Cooperación cos Concellos publicadas no BOP de Lugo nº 004 en data 07/01/2026.

3.- FUNCIONES DO POSTO.

- Ademais das actividades de socorrismo e salvamento acuático, vixilancia e ordenación das zonas de baño e praias en conxunto, atención a usuarios e prestación sanitaria de primeiros auxilios, diariamente o socorrista responsabilizarase de colocar ao inicio da xornada e retirar ao seu remate as bandeiras, carteis e cantos elementos se utilicen ao servizo da vixilancia, salvamento e socorrismo, incluíndo aquelas bandeiras de carácter medio ambiental que a criterio municipal deban colocarse.

- Así mesmo responsabilizarase de cumprimentar o parte de incidencias diario e o de seguimento do posto de socorro, sen prexuízo doutros documentos que, de acordo coa normativa vixente e/ou a xuízo do Concello, lle sexan expresamente indicados.

- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

Será norma de obrigado cumprimento tanto a asistencia as sesións de formación que se impartan polo Concello en materia de emerxencias, de normativa aplicable ás praias do termo municipal e/ou, no seu caso, de sensibilización e xestión medioambiental, como a colaboración en todas aquelas campañas que se organicen ao respecto das praias e o seu entorno, como poden ser medio ambientais, de seguridade e hixiene, etc.

4.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidas á realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión, como mínimo, do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado en educación secundaria, graduado escolar, técnico auxiliar ou bacharelato elemental ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Estar inscritas no rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia, sección: espazos acuáticos naturais, de conformidade co Decreto 43/2023, de 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, de 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

f) Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Ter a condición de persoa desempregada ou en situación de mellora de emprego, en aplicación do previsto no último parágrafo da base 11.1 das reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 "E imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.", en relación con sinalado na base 2.B.3 que permite a contratación ou nomeamento de reforzo de efectivos para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social ou para a implantación de novos servizos ou actividades de conformidade coa normativa aplicable sempre que se cumpran cos requisitos establecidos e ditas bases.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, o tribunal de selección deberá propor á alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Así mesmo o Tribunal ten a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aquela persoa aspirante que leve a cabo calquera actuación de tipo fraudulento na realización dos exercicios que integran o proceso.

5.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

5.1. Forma de presentación. As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes á Sra. Alcaldesa do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos

5.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de sete (7) días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

5.3. Forma de cumprimentar. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polas persoas aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, a documentación aportada.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben

os erros de feito, materiais ou aritméticos que poidan advertirse poderán corrixirse en calquera momento durante o desenvolvemento do propio proceso selectivo, ben de oficio ou ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑARSE NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Copia do documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do TREBEP.

b) Copia do título académico esixido: graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado en educación secundaria, graduado escolar ou técnico auxiliar ou bacharel elemental ou superior.

c) Copia do documento en vigor acreditativo de estar inscrito no rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (resolución de inscrición na sección de Espazos acuáticos naturais xunto ao carné en vigor).

d) Tarxeta de demanda de emprego actualizada ou documento acreditativo de estar desempleado ou, no seu caso, de mellora de emprego.

e) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

d) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases: Celga 3 ou superior. De carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista na base 9.

e) Relación de méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos (base 10).

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala na base 10 determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá ás persoas interesadas para que os acrediten.

A acreditación documental dos requisitos indicados nos apartados anteriores realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28

da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se puidera requirir a posterior presentación de documentación orixinal e o seu cotexo.

A esixencia da documentación sinalada motívase pola imposibilidade material no momento actual, de obter os datos correspondentes nas plataformas de intermediación de datos e redes corporativas das administracións públicas.

Non obstante o anterior, non será preciso achegar a documentación que xa estea en poder do Concello de Burela. A existencia de dita documentación debe ser alegada na solicitude de participación.

En todo caso as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

7.1. Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas (neste suposto con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal cualificador.

7.2. Prazo de alegacións. Concederase un prazo improrrogable de dous (2) días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica do Concello.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Aquelas persoas que dentro do prazo sinalado non emenden o defecto que motivou a súa exclusión, serán definitivamente excluídas do proceso de selección..

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento da persoa interesada, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

7.3. Listaxe definitiva. As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

No caso de non existir excluídos/as a listaxe provisional ditarase con carácter de definitiva.

Figurar na relación de persoas admitidas non suporá que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse tras superarse o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas admitidas decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación neste procedemento de selección.

8.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

8.1.- Composición do Tribunal. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto. De tódalas reunións que celebre o Tribunal, a persoa designada para exercer as funcións da secretaría redactará acta.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador realizarase por resolución da Alcaldía, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso a praza/posto/emprego que se convoca. Na súa composición velarase polo principio de especialidade.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica do Concello a efectos de recusación.

8.2.- Abstención e recusación. Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A presidencia do Tribunal poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

A Alcaldesa ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución farase pública na sede electrónica do Concello .

8.3.- Actuación do Tribunal.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como ao disposto nestas bases , nas Leis 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e o resto do ordenamento xurídico.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía. Para a súa válida constitución e actuación requírese a concurrencia da metade, cando menos, dos seus membros -titulares ou suplentes-, sendo sempre necesaria a asistencia das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do proceso selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán recorribles mediante o recurso de alzada ante a Alcaldía do Concello de Burela nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

9.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

9.1.- FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será previa á do concurso. Constará das seguintes probas:

9.1.1.- Proba práctica (50 puntos).

Consistirá nunha proba práctica combinada en piscina consistente en nadar 50 metros en estilo libre, bucear 10 metros e remolque de manequín (75 kgs.) durante 35 metros. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. O tempo máximo permitido para a execución da proba será:

HOMES	3 minutos e 30 segundos
MULLERES	4 minutos e 20 segundos

Quedarán automaticamente eliminados aqueles participantes que non rematen a proba ou a rematen no tempo máximo previsto.

Puntuacións:

HOMES	
Menos de 1 minuto e 40 segundos	50 puntos
Entre 1 minuto e 41 segundos e 1 minutos e 50 segundos	40 puntos
Entre 1 minuto e 51 segundos e 2 minutos e 00 segundos	30 puntos
Entre 2 minutos e 01 segundos e 2 minutos e 10 segundos	24 puntos
Entre 2 minutos e 11 segundos e 2 minutos e 20 segundos	22 puntos

Entre 2 minutos e 21 segundos e 2 minutos e 30 segundos	20 puntos
Entre 2 minutos e 31 segundos e 2 minutos e 40 segundos	10 puntos
Entre 2 minutos e 41 segundos e 2 minutos e 51 segundos	6 puntos
Entre 2 minutos e 51 segundos e 3 minutos e 00 segundos	2 puntos
Entre 3 minutos 1 segundo e 3 minutos e 30 segundos	1 punto

MULLERES	
Menos de 2 minutos e 10 segundos	50 puntos
Entre 2 minutos e 11 segundos e 2 minutos e 20 segundos	40 puntos
Entre 2 minutos e 21 segundos e 2 minutos e 31 segundos	30 puntos
Entre 2 minutos e 31 segundos e 2 minutos e 40 segundos	24 puntos
Entre 2 minutos e 41 segundos e 2 minutos e 50 segundos	22 puntos
Entre 2 minutos e 51 segundos e 3 minutos e 00 segundos	20 puntos
Entre 3 minutos e 01 segundos e 3 minutos e 10 segundos	10 puntos
Entre 3 minutos e 11 segundos e 3 minutos e 20 segundos	6 puntos
Entre 3 minutos e 21 segundos e 3 minutos e 30 segundos	4 puntos
Entre 3 minutos e 31 segundos e 3 minutos e 40 segundos	3 puntos
Entre 3 minutos e 41 segundos e 3 minutos e 50 segundos	2 puntos
Entre 3 minutos e 51 segundos e 4 minutos e 20 segundos	1 punto

9.1.2.- Segundo exercicio: Proba de galego.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentas da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o nivel de coñecemento de galego Celga 3 ou superior, curso de iniciación de galego ou estudos equivalentes.

Poderá consistir:

A) Nun cuestionario tipo test de 20 preguntas con 2 respostas alternativas das que só unha será correcta. Tamén haberá que responder a 3 preguntas adicionais de reserva que se valorarán no caso de que se anulen de xeito motivado polo Tribunal algunhas das preguntas do cuestionario tipo test.

O tempo máximo para a realización da proba será de 30 minutos.

Os criterios de corrección e puntuación serán os seguintes:

- Pregunta acertada: 0,5 puntos.
- Pregunta fallada: 0 puntos
- Pregunta non contestada: 0 puntos

A puntuación mínima para superar a proba será de 5 puntos. As persoas aspirantes que non acaden dita puntuación serán cualificadas como non aptas

B) Na tradución, nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

En todo caso, os criterios de corrección serán adoptados con carácter previo á realización da proba polo Tribunal cualificador e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

9.2.- FASE DE CONCURSO (total 20 puntos):

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ás persoas aspirantes que superasen a fase de oposición.

Non terá carácter eliminatorio e nela valoraranse os seguintes méritos:

a) Por estar en posesión de titulación académica superior á necesaria para acceder ao posto, ata un máximo de 1 punto:

Licenciatura, Diplomatura, Grado Universitario ou equivalentes 1 punto

Técnico Superior ou equivalente.....0,50 puntos

Bacharelato ou equivalente 0,25 puntos

De acreditar estar en posesión de varias titulacións, puntuarase unicamente a de nivel superior.

b) Por cursos de formación que teñan relación directa coa praza convocada, así como os cursos transversais en materia de prevención de riscos laborais, concederase ata un máximo de 5 puntos con arranxo á seguinte escala:

- De máis de 150 horas: 1,50 puntos.

- De 101 a 150 horas: 1 punto.

- De 71 a 100 horas: 0,75 puntos.

- De 21 a 70 horas: 0,50 puntos.

- De 10 a 20 horas: 0,25 puntos.

- Inferior a 10 horas: 0,10 puntos.

De non figurar as horas de duración non se puntuarán; tampouco se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica.

c) Experiencia profesional (máximo 14 puntos)

Valorarase o tempo de desempeño das funcións de socorrista ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral ata un máximo de 14 puntos.

Os criterios de valoración da experiencia profesional serán os seguintes:

- Servizos efectivamente prestados na Administración como persoal funcionario ou laboral como socorrista en espazos acuáticos naturais: 2 puntos por cada mes de traballo efectivo.

- Servizos efectivamente prestados nunha Administración como persoal funcionario ou laboral como socorrista en instalacións deportivas: 1 punto por cada mes de traballo efectivo.

- Servizos efectivamente prestados no sector privado como persoal laboral socorrista en espazos acuáticos naturais: 2 puntos por cada mes de traballo efectivo.

- Servizos efectivamente prestados no sector privado como persoal laboral socorrista en instalacións deportivas: 1 punto por cada mes de traballo efectivo.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais. O computo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral. Para estes efectos, sumaranse de forma independente en días todos os períodos correspondentes a cada un dos apartados antes detallados, dividíndose o resultado por trinta, computándose como mes completo. Depreciaranse os días do resultado final que sexan inferiores a 30 días

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

10.- FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

10.1. Titulacións académicas: copia do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

10.2. Cursos de formación: copia do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

So se terán en conta os cursos realizados ata a data de remate do prazo de presentación de instancias, polo que non serán obxecto de valoración aqueles cursos que non teñan rematado en dita data.

Non se valorarán os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

10.3. Experiencia profesional:

- O desempeño das funcións de socorrista como funcionario ou contratado laboral na administración pública acreditarase mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente de dita Administración na que se certifique o tempo traballado na mesma desempeñado as funcións de socorrista en espazos naturais ou en instalacións deportivas segundo proceda ou contratos de traballo, e, en todo caso informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- O desempeño das funcións de socorrista no sector privado, acreditarase mediante a presentación de contratos de traballo nos que figure que o seu obxecto é o desempeño das funcións de socorrista en espazos naturais ou en instalacións deportivas segundo proceda, aos que se acompañará en todo caso informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

11.- CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da primeira proba da fase de oposición publicarase na sede electrónica do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización do resto das probas non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas.

Os resultados das probas publicarase así mesmo na sede electrónica do Concello.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización das probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir previstas de dito documento non poderán participar na proba selectiva, quedando decaídas de tódolos seus dereitos e excluídas do proceso selectivo.

A orde de actuación das persoas aspirantes naqueles exercicios/probas que non se podan realizar conxuntamente será alfabética (A-Z).

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

12.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, sempre que se teña alcanzada na fase de oposición a puntuación mínima necesaria para considerala superada, establecendo para estes efectos a orde definitiva de persoas aspirantes seleccionadas.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba práctica da fase de oposición. De manterse, decidirse o desempate a favor da persoa aspirante con maior puntuación no apartado experiencia profesional da fase de concurso e de persistir estarase á maior puntuación no apartado relativo aos cursos de formación. De manterse o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica do Concello (<https://burela.sedelectronica.es>) a relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación das cualificacións na sede electrónica do Concello para formular as alegacións/reclamacións que no seu caso estimen pertinentes. Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas publicándose as oportunas correccións e, en caso de non realizarse ningunha, consideraranse definitivas as valoracións outorgadas.

13.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

O/a Presidente/a do Tribunal, á vista da listaxe de persoas aspirantes seleccionadas e das puntuacións finais obtidas, formulará proposta de nomeamento ante a Sra. Alcaldesa, sen que poidan ser propostas máis persoas aspirantes que postos a cubrir.

As propostas que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

14.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 13 (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), a persoa aspirante proposta presentará a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 4:

- a) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras.
- b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título académico esixido e do documento en vigor acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separadas do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Certificado actualizado da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempleado/mellora de emprego, no que conste esta circunstancia.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación e certificación do número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se a persoa aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 4, non poderá ser nomeada funcionaria interina e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incurrir.

15.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que as persoas seleccionadas acreditaron os requisitos esixidos para acceder aos postos que se convocan, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo efectuando os nomeamentos como persoal funcionario interino, formalizándose a toma de posesión.

Ata que non se formalice a mesma, a persoa aspirante proposta non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

16.- ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE RESERVA.

Co fin de asegurar a cobertura dos postos convocados no caso de que se produzan renuncias das persoas aspirantes seleccionadas con anterioridade ou posterioridade ao nomeamento ou á toma de posesión, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (listaxe de reserva) na que figurarán as persoas aspirantes por orde de puntuación acadada e sempre que tiveran superado o proceso selectivo.

A citada listaxe será igualmente de aplicación no caso de cese do funcionario/a interino/a ou cando por calquera circunstancia sexa preciso proceder a un novo nomeamento durante o prazo de vixencia do nomeamento efectuado conforme ás presentes bases.

A listaxe de reserva aprobarase pola Alcaldía e permanecerá en vigor durante o prazo de duración do nomeamento, é dicir, como máximo o prazo previsto na base 1ª das presentes.

As persoas aspirantes que, no seu caso, sexan chamadas en virtude da listaxe de reserva deberán reunir os requisitos establecidos nestas bases no momento do chamamento e presentar con carácter previo á formalización do nomeamento a documentación sinalada na base 14.

O chamamento aos integrantes da listaxe de reserva efectuarase por correo electrónico á dirección facilitada polo/a candidato/a na súa solicitude de participación no proceso selectivo. As persoas interesadas deberán responder ao correo electrónico no prazo de 24 horas; no caso de que non haxa resposta ao correo remitido ou non se comunique co Concello no citado prazo por calquera medio do que quede constancia, considerarase que existiu un rexeitamento da oferta, salvo causas extraordinarias debidamente xustificadas que impidan a resposta.

17.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

18.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto

nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Este réxime de recursos tamén caberá contra os actos que se deriven do desenvolvemento do presente proceso selectivo que teñan a condición de poñer fin a vía administrativa ou se trate de actos de trámite que decidan directa o indirectamente o fondo do asunto.

19.- PROTECCIÓN DE DATOS.

Tratamento	PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO
Responsable de tratamento	Concello de Burela, Rúa/ Eijo Garay, nº 20, Burela correo electrónico: protecciondedatos@burela.org teléfono: 982586000
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: Deputación Provincial de Lugo. Correo electrónico: dpdcooperaciónconcellos@deputacionlugo.org
Finalidade e prazos de conservación	Xestión e tramitación das convocatorias públicas de selección de persoal para os postos de traballo vacantes na organización do Concello. Xestión das probas de selección e valoración de méritos achegados, publicidade e transparencia do proceso selectivo. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e para determinar posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e/o tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público. Os seus datos non serán utilizados para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais serán cedidos a: a Dirección Xeral da Función Pública, á administración pública con competencia na materia, ao Boletín Oficial do Estado, ao Diario Oficial de Galicia e ao Boletín Oficial da Provincia. Non está previsto realizar transferencias internacionais a terceiros países dos seus datos.
Dereitos das persoas interesadas	Dereito de acceso: pedir información os datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. Dereito de rectificación: comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. Dereito de limitación ao tratamento: nalgúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos seus datos. Para máis información de como poder exercer os seus dereitos diríxase ao Rexistro de Entrada do Concello de Burela, sito na dirección arriba indicada, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon á súa disposición na sede electrónica do Concello: Sede electrónica Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación #ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebagpd/index-ides-idphp.php).

Burela, 26 de maio de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1375

CARBALLEDO

Anuncio

A Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada con data 25 de maio de 2026 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Carballedo correspondente ao exercicio económico de 2025, o que faise público, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, advertíndo que durante o prazo de quince días os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Durante o antedito prazo poderá examinarse o expediente en horario de nove a dúas, de luns a venres, na Secretaría do Concello.

Carballedo, 27 de maio de 2026.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1376

CHANTADA*Anuncio***CONTA XERAL 2025**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e unha vez que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 25 de maio de 2026, expónse ó público a Conta Xeral correspondente ó exercicio orzamentario do ano 2025 polo prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que teñan por conveniente.

Chantada, 25 de maio de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1345

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 20/04/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a marzo 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a marzo do 2026 terá lugar neste municipio dende o día 20 de abril de 2026 ata o día 19 de xuño de 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 12 de maio de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1346

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 20/05/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril do 2026 terá lugar neste municipio dende o día 20 de maio de 2026 ata o día 20 de xullo de 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 20 de maio de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1347

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 28/04/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a abril 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes abril 2026 terá lugar neste municipio dende o día 28 de abril de 2026 ata o día 29 de xuño de 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 12 de maio de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1348

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 20/05/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 2º bimestre do exercicio 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 20 de maio de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1349

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 13/05/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a abril 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a abril 2026 terá lugar neste municipio dende o día 14 de maio de 2026 ata o día 13 de xullo 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 13 de maio de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1350

A FONSAGRADA

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 25 de maio de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de abril de 2026, polo importe total de 11.587,92 € (dependencia) e 456,56 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 25 de maio de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1351

FOZ

Anuncio

Expediente núm.: 2276/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante concurso-oposición de catro prazas de operario/a limpeza viaria para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4059.

Vista a documentación presentada por Jonathan Cuadrado Gallego con número de rexistro 2026-E-RC-2245 en data de 7/05/2026.

Vista a documentación presentada por Angel Lopez Ramos con número de rexistros 2026-E-RC-2196 2026-E-RC-2198 en data de 6/05/2026.

De acordo coa Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria para a provisión de catro prazas de operario/a limpeza viaria para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4059 co seguinte alcance:

A) ADMITIDOS :

NOME E APELIDOS	PROBA DE GALEGO
JUAN MANUEL COUSO BATALLA	EXENTO
PATRICIA CUADRADO BAAMONDE	EXENTA
BALBINO LOPEZ CANDIA	EXENTO
SANDRA ROSARIO MATEO	EXENTA
BERTA ALVAREZ AFONSO	EXENTA
ROBERTO GARCIA INSUA	EXENTO
AINHOA CASTIÑEIRA BELLO	EXENTA
ANGELES FERNANDEZ DIAZ	EXENTA
EVA MARIA PALACIOS ARCEO	EXENTA
FRANCISCO JOSE FEITO FERNANDEZ	NON EXENTO

NAYIBIS COROMOTO DIAZ AMARIS	NON EXENTA
JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCIA	NON EXENTO
ANA MARIA URIA CAMPOS	EXENTA
JUAN ANTONIO FERNANDEZ PEIXOTO	EXENTO
JAVIER GONZALEZ PEREZ	EXENTO
JONATHAN CUADRADO GALLEGO	EXENTO
ANGEL LOPEZ RAMOS	EXENTO

SEGUNDO.- Elevar a lista a definitiva non habendo aspirantes excluídos.

TERCEIRO.- Designar o seguinte Tribunal cualificador:

MEMBROS	IDENTIDADE
PRESIDENTE	Vanessa Iglesias Sánchez. Técnica de medio ambiente do Concello de Foz.
SUPLENTE	Antonio Vizoso Hermida, Arquitecto do Concello de Foz.
VOGAL	Ramón Rodríguez Paleo. Coordinador Servizo de Obras do Concello de Foz.
SUPLENTE	Mario Mosquera Novo. Coordinador de xardinería do Concello de Foz.
VOGAL	Antonio José Cuadrado García. Encargado de Obras do Concello de Ribadeo.
SUPLENTE	Pilar López Pérez, Técnica de Cultura do Concello de Foz.
VOGAL	Jacobo Otero Fernández, Coordinador de Servizos Múltiples do Concello de Foz.
SUPLENTE	Cándido Nazario Rodríguez Gil, Xefe de Recadación do Concello de Foz.
SECRETARIA	María Salomé Rodríguez Varela. Orientadora Laboral do Concello de Foz.
SUPLENTE	Cristina Balseiro Fernández, Axente de Desenvolvemento Local, Técnica de Xestión do Concello de Foz.

CUARTO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o Mércores día 3 de xuño de 2026 ás 11:30 horas no salón de Plenos do Concello de Foz, para a súa constitución.

QUINTO.- Convocar aos aspirantes admitidos o Mércores día 3 de xuño de 2026 ás 12:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Foz, para o desenrolo do primeiro exercicio, en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

SEXTO.- Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta as lista definitiva dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos, e a data de convocatoria para o primeiro exercicio.

Mándao e asínao en

Foz, 20 de maio de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío, ante min, a secretaria en acumulación, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 1352

Anuncio

Expediente núm.: 2276/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante concurso-oposición de dúas prazas de limpador/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4019.

Vista a documentación presentada por Angel Lòpez Ramos con número de rexistro 2026-E-RC-2197, en data de 6/05/2026.

Vista a documentación presentada por Carmen Amalia Gavín Rodríguez, on número de rexistro 2026-E-RC-2437, en data de 18/05/2026.

De acordo coa Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria para a provisión de dúas prazas de limpador/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4019 co seguinte alcance:

A) ADMITIDOS :

NOME E APELIDOS	PROBA DE GALEGO
JENNIFER GARCIA RAMOS	EXENTA
CLARIBEL FIGUEREDO OROPESA	NON EXENTA
PATRICIA CUADRADO BAAMONDE	EXENTA
BALBINO LOPEZ CANDIA	EXENTO
BERTA ALVAREZ AFONSO	EXENTA
MONTSERRAT GRAÑA DIAZ	EXENTA
MARIA ADELAIDA VILAR VARELA	EXENTA
AINHOA CASTIÑEIRA BELLO	EXENTA
EVA MARIA PALACIOS ARCEO	EXENTA
NAYIBIS COROMOTO DIAZ AMARIS	NON EXENTA
FRANCISCO JOSE FEITO FERNANDEZ	NON EXENTO
JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCIA	NON EXENTO
ANA MARIA URIA CAMPOS	EXENTA
CRISTIANE RENATA JOS BEZERRA LEITE	NON EXENTA
ELSA FERNANDEZ PREGIGUEIRO	EXENTA
CARMEN AMALIA GAVIN RODRIGUEZ	EXENTA
ANGEL LOPEZ RAMOS	EXENTO

SEGUNDO.- Elevar a lista a definitiva non habendo aspirantes excluídos.

TERCEIRO.- Designar o seguinte Tribunal cualificador:

MEMBROS	IDENTIDADE
PRESIDENTE	Vanessa Iglesias Sánchez. Técnica de medio ambiente do Concello de Foz.
SUPLENTE	Antonio Vizoso Hermida, Arquitecto do Concello de Foz.
VOGAL	Ramón Rodríguez Paleo. Coordinador Servizo de Obras do Concello de Foz.
SUPLENTE	Mario Mosquera Novo. Coordinador de xardinería do Concello de Foz.
VOGAL	Antonio José Cuadrado García. Encargado de Obras do Concello de Ribadeo.

SUPLENTE	Pilar López Pérez, Técnica de Cultura do Concello de Foz.
VOGAL	Jacobo Otero Fernández, Coordinador de Servizos Múltiples do Concello de Foz.
SUPLENTE	Cándido Nazario Rodríguez Gil, Xefe de Recadación do Concello de Foz.
SECRETARIA	María Salomé Rodríguez Varela. Orientadora Laboral do Concello de Foz.
SUPLENTE	Cristina Balseiro Fernández, Axente de Desenvolvemento Local, Técnica de Xestión do Concello de Foz.

CUARTO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o mércores día 3 de xuño de 2026 ás 10:00 horas no salón de Plenos do Concello de Foz, para a súa constitución.

QUINTO.- Convocar aos aspirantes admitidos o mércores día 3 de xuño de 2026 ás 10:30 horas no Salón de Plenos do Concello de Foz, para o desenrolo do primeiro exercicio, en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

SEXTO.- Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta as lista definitiva dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos, e a data de convocatoria para o primeiro exercicio.

Foz, 20 de maio de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío, ante min, a secretaria en acumulación, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 1353

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE ABRIL DE 2026,

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 11 de maio, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes ABRIL, por un importe total de 6.153,02€ e, na sesión do 20 de maio, prestou ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de ABRIL, por unha base imponible de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14.2.c da TRLRHL, poderán interponer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período da exposición pública dos correspondentes padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 25 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1354

LOURENZÁ

Anuncio

Logo de aprobar definitivamente a avocación da competencia asumida por a *Xunta de Goberno Local*, en virtude do disposto na Resolución desta Alcaldía de delegación de competencias de data 19 de xullo d 2023, para coñecer do procedemento de “*contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros (6.000.000,00 euros) incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas a súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada*”, de conformidade co disposto nos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.868/1986, de 28 de novembro publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou o acto notificado, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. A interposición do recurso de reposición potestativo impide interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Lourenzá, 27 de maio de 2026.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 1377

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de marzo de 2026, adoptou o acordo número 19/126 de aprobación das bases da convocatoria de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2026-2027, o que se fai público a través deste anuncio:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de convocatoria de subvencións dirixidas a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2026/2027, de conformidade co establecido nas bases que figuran máis adiante.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto inicial de 40.000,00 euros, con cargo á partida 32600.48100, RC: 202600006771 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes “Bases reguladoras da concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2026-2027”:

Primeira.- Obxecto e finalidade da subvención.

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo (libros de texto, fichas, estoxos, mochilas, botella de auga e material de papelería), material educativo de xogo para nenos/as con determinadas dificultades (só se o solicita o centro escolar e/ou con informe xustificativo do colexio) para alumnado de segundo ciclo de educación infantil, matriculado en centros sostidos con fondos públicos do municipio de Lugo. Non se admitirá vestiario, xoguetes, paraugas nin outros obxectos de uso alleo á actividade escolar.

Segunda.- Normativa reguladora do procedemento

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nestas bases, na *Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo*; na *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*; no *Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións*; na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e no *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*; así como á *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, á *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público* e á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e demais normativa xeral de aplicación.

Terceira.- Contía que se vai subvencionar

O importe inicial destinado a estas axudas ascende a 40.000,00 euros.

A contía individual das axudas será dun máximo de 100 euros, consistente nun vale desconto para trocar en establecementos ou librerías do municipio de Lugo.

A convocatoria financiarase con cargo á partida 32600.48100, RC: 202600006771, do vixente orzamento do Concello de Lugo.

Cuarta.- Persoas beneficiarias

As axudas concederanse ás familias do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

4.1. Tanto a persoa solicitante como o menor para o que se solicita a axuda deberán estar empadroados no Concello de Lugo. Esta situación comprobarase automaticamente a través dos datos que figuran no Padrón de habitantes desta administración.

4.2. Ter presentada a solicitude de reserva de praza ou solicitude de admisión para un posto escolar no segundo ciclo de educación infantil nun centro sostido con fondos públicos no municipio de Lugo.

4.3. A persoa solicitante e o seu cónxuxe deberán estar en posesión de DNI ou NIE no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non poderán participar neste procedemento as persoas que só dispoñan de pasaporte no momento de presentación da solicitude de axuda.

4.4. Non ter solicitadas nin recibidas subvencións ou axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para a mesma finalidade e para os/as mesmos/as beneficiarios/as.

4.5. A renda familiar non poderá superar en máis de 0,85 veces o valor do indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM, para 2026, é dicir 7.140,00 € por cada membro da unidade familiar.

Quinta.- Criterios de adxudicación

5.1. Obterán a axuda directamente sen necesidade de valoración:

- As/Os menores en réxime de acollemento e tutela, debidamente acreditado mediante certificado da Xunta de Galicia.

- Calquera outra situación excepcional que impida a valoración da renda, acreditada polos servizos sociais da Xunta de Galicia ou do Concello de Lugo.

5.2. Para o resto das solicitudes, o único criterio de valoración será a contía da renda per cápita anual familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM, que para ano 2026 ten un valor de 8.400,00 euros (14 pagas). A renda familiar non poderá superar do 0,85 veces o IPREM, é dicir de **7.140,00 euros** por cada membro da unidade familiar.

A orde de adxudicación da subvención comezará polas familias de menor renda en orde crecente ata o esgotamento das 400 axudas.

Se ao chegar ao último beneficiario de axuda se producise un empate entre dúas familias, resolverase por sorteo.

Os nenos e nenas para os que se solicita a axuda con certificado de discapacidade igual ou maior ao 33% computarán por dous na unidade familiar para o cálculo da renda familiar.

A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas do último exercicio fiscal dos membros da unidade familiar por ingresos de calquera natureza. Os datos económicos para ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base impositiva xeral coa base impositiva do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o cálculo da renda familiar para os efectos de bolsa, son membros computables na unidade familiar da persoa solicitante os que establece o artigo 82 a *Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio*, do teor literal seguinte:

“1. Podrán tributar conjuntamente las personas que formen parte de alguna de las siguientes modalidades de unidad familiar:

1.ª La integrada por los cónyuges no separados legalmente y, si los hubiera:

a) Los hijos menores, con excepción de los que, con el consentimiento de los padres, vivan independientes de éstos.

b) Los hijos mayores de edad incapacitados judicialmente sujetos a patria potestad prorrogada o rehabilitada.

2. En los casos de separación legal, o cuando no existiera vínculo matrimonial, la formada por el padre o la madre y todos los hijos que convivan con uno u otro y que reúnan los requisitos a que se refiere la regla 1.ª de este artículo.

2. Nadie podrá formar parte de dos unidades familiares al mismo tiempo.

3. La determinación de los miembros de la unidad familiar se realizará atendiendo a la situación existente a 31 de diciembre de cada año.”

Sexta.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

6.1. As solicitudes das persoas interesadas presentaranse preferiblemente, por vía electrónica a través do formulario normalizado (modelo 352) dispoñible na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal>. Opcionalmente, as solicitudes, (modelo 352) poderán presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

6.2. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e dun extracto destas na BDNS.

As sucesivas publicacións deste procedemento faranse a través do Taboleiro de Anuncios do Concello (lugo.gal/portal/tablonanuncios) e do Taboleiro de Anuncios do Servizo de Educación e producirán os mesmos efectos que a notificación individual a cada persoa solicitante.

6.3. Para formalizar a solicitude, a persoa interesada presentará a seguinte **documentación**:

a) Solicitude en modelo 352 debidamente asinada.

b) Fotocopia do DNI/NIE dos dous proxenitores ou persoas que representen legalmente á nena ou neno.

c) Fotocopia do libro ou libros de familia ou inscrición no Rexistro Civil ou, na súa falla, documentos que acrediten oficialmente o nacemento de todos os menores que forman parte da unidade familiar. Non se considerará documento válido para a acreditación do nacemento pasaporte ou permiso de residencia dos menores se non identifica aos seus proxenitores.

d) De ser o caso, copia da resolución xudicial (convenios reguladores ou sentenzas xudiciais) ou administrativa (certificados de acollemento) pola que se lle confía a garda e protección do/s menor/es á persoa solicitante.

e) ANEXO I: Declaracións responsables e autorización para que o Concello de Lugo obteña datos relativos a unidade familiar. Este anexo I deberá estar asinado por:

- Ambos os proxenitores en caso de que non exista separación.

- Polo proxenitor solicitante que constituía familia monoparental ou teña atribuída a custodia exclusiva do menor por sentenza xudicial ou convenio regulador

- Por ambos os proxenitores en caso de separación con convenio regulador no que se acorde un réxime de custodia compartida.

- No caso de que un dos proxenitores non resida en España, terase que presentar poder ou documento xudicial que acredite que o outro proxenitor pode resolver cuestións relativas ao menor de xeito individual.

A sinatura do anexo I implicará as seguintes declaracións responsables:

- Declaración responsable de non ter solicitadas nin recibidas subvencións ou axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para a mesma finalidade e para os/as mesmos/as beneficiarios/as.

- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lugo, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de persoa beneficiaria, compromiso de manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación.

- Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme o establecido no artigo 13.7 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

Unicamente para os efectos de aplicación do baremo establecido para a adxudicación das axudas previstas nestas bases, e conforme ao artigo 95.1.k da *Lei 58/2003, xeral tributaria*, que permite, logo de autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións, a sinatura do anexo I autoriza ao Servizo de Educación do Concello de Lugo a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais do último exercicio económico referido á unidade familiar.

Conforme ao establecido no artigo 24, simplificación da acreditación co cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a presentación de declaración responsable substituirá a presentación das certificacións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 22 nos seguintes casos:

(...)

“4. Aquelas nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.”

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a estas consultas, deberán achegar os correspondentes documentos acreditativos.

f) Documentación acreditativa da unidade familiar relativa á custodia do menor (convenio regulador, certificado de monoparentalidade ou calquera outra sentenza xudicial)

g) Certificado de discapacidade do menor, de ser o caso.

Sétima.- Procedemento de adxudicación.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de subvencións coas seguintes precisións:

7.1. Presentadas as solicitudes en calquera dos lugares establecidos legalmente, remitiranse ao Servizo de Educación, que procederá en función do obxecto e finalidade da subvención solicitada.

7.2. O órgano instructor será un/unha técnico/a competente do Servizo de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da Ordenanza municipal de subvencións.

7.3. A comisión de valoración constituída para este procedemento terá a seguinte composición:

- Presidenta: xefa Servizo Educación do Concello de Lugo

Suplente: pedagoga Servizo Educación do Concello de Lugo

- Secretaria/o: xefe do Servizo de Cultura do Concello de Lugo

Suplente: xefa de sección de Cultura do Concello de Lugo

- Vogal: directora EIM Serra de Outes

Suplente: directora EIM Gregorio Sanz

- Suplente: administrativa ou técnico do Servizo de Educación

7.4. Unha vez recibidas e revisadas as solicitudes, publicarase, no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello de Lugo (lugo.gal/portal/tablonanuncios) e no Taboleiro de Anuncios do Servizo de Educación, a resolución que incluíra unha listaxe motivada de solicitudes admitidas no procedemento, admitidas con falta de documentación que non impide a baremación e excluídas provisionalmente (por falta de documentación que impide a baremación ou por incumprimento das bases) e abrirase un prazo de 10 días hábiles para a emenda e mellora da solicitude para que as persoas solicitantes poidan emendar erros ou achegar a documentación xustificativa non aportada no momento de presentación da solicitude.

7.5. Incorporada esta documentación ao expediente, non se permitirá a achega de nova documentación, salvo a requirida especificamente polo Servizo de Educación en caso de que sexan necesarias aclaracións. Realízanse cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

7.6. Valoradas as solicitudes recibidas, a comisión de valoración emitirá informe / acta con base no cal se ditará a resolución de adxudicación provisional das axudas. Esta resolución provisional de adxudicatarios publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello (lugo.gal/portal/tablonanuncios) e no Taboleiro de Anuncios do Servizo de Educación, durante un prazo de 10 días hábiles, durante o cal as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas.

7.7. Resoltas as reclamacións, procederase á resolución deste procedemento que incluíra a listaxe definitiva das solicitudes subvencionadas así como daquelas outras non subvencionadas xuntamente coa causa da súa desestimación. As alegacións consideraranse respondidas ás persoas alegantes coa publicación da adxudicación definitiva das axudas.

7.8. Esta resolución notificarase mediante publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello (lugo.gal/portal/tablonanuncios) e no Taboleiro de Anuncios do Servizo de Educación, que producirá os mesmos efectos que a publicación individual a cada persoa solicitante.

Oitava: prazo máximo de resolución

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria na BDNS e no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

Novena: recollida de vales, entrega nos establecementos e prazos

Na resolución de concesión da subvención, estableceranse as datas de entrega dos vales, o período para empregalos por parte das persoas beneficiarias na librería ou establecemento da súa elección e os prazos para que as librerías ou establecementos presenten as correspondentes facturas.

Os vales recolleranse persoalmente pola persoa solicitante, que deberá identificarse mediante o DNI/NIE, na oficina do Servizo de Educación, dentro do prazo indicado na resolución, presentando o **certificado do centro escolar**

relativo ao curso 2026-2027 onde conste que está matriculado nun dos cursos de educación infantil dun centro sostido con fondos públicos o menor para o que se solicita a axuda.

No caso de que a persoa beneficiaria non poida recoller persoalmente o vale, poderá ser substituída por calquera outra persoa mediante autorización asignada pola persoa beneficiaria que deberá vir acompañada de copia do seu DNI/NIE. A persoa autorizada deberá identificarse, así mesmo, con DNI/NIE.

Os vales recollidos poderán ser empregados en calquera librería ou establecemento do termo municipal de Lugo que se acolla ao recollido nestas bases. En ningún caso poderá empregarse o vale en máis dun establecemento.

Non se substituirán vales extraviados nin se emitirán duplicados de vales.

Décima.- Xustificación do gasto

Para a xustificación do gasto as librerías ou establecementos onde se merque o material escolar presentarán por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal> a seguinte documentación:

- Factura na que se detalle o material escolar ou libros mercados, con indicación do curso ao que fai referencia, así como o nome e os datos da persoa beneficiaria. No caso que a persoa beneficiaria teña concedida máis dunha axuda, facturarase por separado cada un dos vales.

- Copia dos vales emitidos pola Concellería de Educación, indicando o nome, apelidos, firma e DNI/NIE da persoa solicitante.

- Certificado de conta bancaria.

Os orixinais dos vales facturados deberán ser custodiados polo establecemento durante un ano, pois poden ser requiridos polo Concello logo da tramitación deste procedemento.

O Concello de Lugo aboará un máximo de 100 euros por vale, aínda que a factura xustifique un importe superior. No caso de que o importe da factura sexa menor de 100 euros aboarase unicamente o importe da factura.

O Concello non admitirá xustificación das librerías ou establecementos onde figure unicamente o aboamento dos 100 euros ás persoas beneficiarias, albarás ou tickets nin facturas que non especifiquen os conceptos facturados.

No caso de non presentar a xustificación dentro dos prazos determinados na resolución incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagamentos a conta nin anticipados.

Décimo primeira.- Revogación

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu erro, ocultación ou falsidade de datos, ou que existan incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

Décimo segunda.- Órgano competente para a resolución do procedemento

Conforme ao establecido no artigo 17.3.g) da *Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións*, e segundo o *Acordo núm. 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023, modificado por Acordo 1/61 do 28 de febreiro de 2024 e rectificando posteriormente polo Acordo núm. 1/284 do 19 de xuño de 2024, de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía*, nas/os tenentas/es de alcalde delegadas/os da área e nas/os concelleiras/os delegadas/os, así como tendo en conta o establecido no *Decreto da Alcaldía núm. 10280/2025, do 4 de novembro, modificado polo Decreto núm. 11673/2025, do 12 de decembro*, o órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención é a concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.

Décimo terceira.- Memoria xustificativa


O Servizo de Educación presentará unha memoria explicativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

CUARTO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e na BDNS, coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da publicación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Lugo, 18 de maio de 2026.- A alcaldesa, P.D. o tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude, Javier Vázquez Prado.

 Concello de Lugo	Código de procedemento X100
	SOLICITUDE: SUBVENCIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CURSO ESCOLAR: 2026-2027

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:	
DNI, NIE:	ENDEREZO:		
CÓDIGO POSTAL:	CONCELLO:	PROVINCIA:	TELÉFONO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (de ser o caso)

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DNI, NIE:	DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN	

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
CONCELLO:	PROVINCIA:
CORREO ELECTRÓNICO (SÓ SE DESEXA COMUNICACIÓN ELECTRÓNICA):	

DATOS DAS/OS NENAS/OS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA

Nome e Apelidos	Data Nacemento	Certificado Discapacidade		Curso	Nome do Colexio
		<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non		
		<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non		
		<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non		

DATOS DAS OUTRAS PERSOAS QUE FORMAN PARTE DA UNIDADE FAMILIAR

Nome e Apelidos	Parentesco	Data Nacemento
Número TOTAL de persoas que forman a unidade familiar:		

Lugo, _____ de _____ de _____

Asdo:

(A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da Área tramitadora do procedemento instado aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: www.lugo.gal/portal/titularidade

ANEXO I**AUTORIZACIÓNS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES**

(MARCAR CON X)

- Autorizo ao Concello de Lugo a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais requeridos na “Solicitud de subvencións para as familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2026/2027”. Esta autorización outógase exclusivamente para os efectos de aplicación do baremo establecido para a adxudicación das axudas existentes nas bases mencionadas anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.
- Autorizo ao Concello de Lugo a solicitar documentación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social e Axencia Tributaria.
- Declaro non ter solicitados nin recibidos subvencións ou axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para a mesma finalidade e para os/as mesmos/as beneficiarios/as.
- Declaro estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e o Concello de Lugo, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de beneficiario, comprometéndome a manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación.
- Declaro non estar incurso/a o en prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención conforme ao establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.

Lugo, _____ de _____ de _____

(Proxenitor 1 ou persoa que exerce a titoría):	
D./D. ^a _____	
DNI/NIE:	Sinatura:

(Proxenitor 2 ou persoa que exerce a titoría):	
D./D. ^a _____	
DNI/NIE:	Sinatura:

MODO DE PRESENTACIÓN

- De xeito presencial:
 - No Rexistro do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. (Impreso **SPR00352**)
- De xeito telemático:
 - Na seguinte ligazón <https://www.lugo.gal/portal/tramites/X100> achegando impreso **SPR00352** e a documentación requirida.

R. 1343

AS NOGAIS*Anuncio*

Formada, rendida e informada a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2025 pola Comisión Especial de Contas deste Concello, expónse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia. Durante dito prazo os interesados poderán examinala e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

As Nogais, 25 de maio de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1355

OUIROL*Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público o resumo por capítulos do Orzamento Xeral do concello de Ouiról correspondente ao exercicio 2026, unha vez incorporado o expediente de modificación, crédito extraordinario/suplemento de crédito con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, 1/2026. O expediente foi aprobado inicialmente en sesión plenaria extraordinaria celebrada o día vinte e catro de abril de dous mil vinte e seis sen que se presentase ningunha reclamación dentro do prazo de exposición ao público.

ESTADO DE GASTOS

Operacións correntes

Capítulo	Denominación	Importe ant.	Modificación	Importe actual
1º.-	Gastos de persoal	1.160.508,91 €	0,00 €	1.160.508,91 €
2º.-	Gastos correntes en bens e servizos	615.353,73 €	6.184,67 €	621.538,40 €
3º.-	Gastos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
4º.-	Transferencias correntes	58.450,00 €	2.400,00 €	60.850,00 €

Operacións de capital

6º.-	Investimentos reais	135.687,36 €	61.777,58 €	197.464,94 €
7º.-	Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8º.-	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9º.-	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €

IMPORTE TOTAL DAS MODIFICACIÓNS: 70.362,25 €

Segundo dispón o artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Real Decreto, contra este expediente poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Ouiról, vinte e sete de maio de dous mil vinte e seis.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1378